Signa,

o noso modelo pedagóxico

Rede Internacional
C. Escolares Compañía de María N.S.

2021
Edicións Lestonnac

Imprime:
xxx

Portada vernizada: Cyclus Offset
300 g
Papel reciclado 100% libre de cloro:
Cyclus Offset 115 g

Deseño e maquetación:
www.dosmasdos.info

Depósito Legal
ISBN: xxx

Índice

Índice 4
Presentación 7
Introdución 9
1. Raices e horizonte de sentido dos Centros Compañía de María 13
1.1. Misión, Visión e Valores 15
1.1.1. Misión. 15
1.1.2 Visión 15
1.1.3. Valores 15
1.2. Fontes e raíces históricas 16
1.3. Principios filosóficos e pedagóxicos 17
1.4. Acentos da Educación Compañía de María 18
1.4.1. Educación contextualizada 18
1.4.2. A persoa no centro 18
1.4.3. Formación ética, valores, responsabilidade social e ecoloxía integral 19
1.4.4. Formación espiritual e na fe 20
1.4.5. Educación de calidade, camiño de excelencia 20
1.4.6. Comunicación e acompañamento 21
2. Modelo pedagóxico Compañía de María: a Educación Personalizada 23
2.1. A Educación Personalizada: conceptualización. 26
2.1.1. A aprendizaxe personalizada. 28
2.1.2. Estilo educativo personalizador 29
2.2. Compromisos que supón hoxe a Educación Personalizada no Modelo Pedagóxico Compañía de María 31
2.3. Papel, forma de situarse e actuar dos compoñentes da Comunidade Educativa 34
2.3.1. O estudante 34
2.3.1.1. Perfil de saída do estudante 35
2.3.2. O Docente 36
2.3.3. A familia 38
2.3.4. A Comunidade Educativa 38
2.4. Características 40
2.4.1. Aprendizaxe significativa, global e holística 41
2.4.2. Aulas abertas ao mundo 43
2.4.3. Educación de competencias 44
2.4.3.1. Pensamento computacional, habilidades dixitais e uso responsable da Tecnoloxías das Información e a Comunicación (TIC) 45
2.4.4. Acompañamento do proceso educativo 45

2.4.4.1. A acción titorial. 46
2.4.5. Avaliación personalizada 47
2.4.6. Desenvolvemento óptimo do talento do estudante 49
2.4.6.1. Centros Educativos para o desenvolvemento do talento 49
2.4.6.2. Plans persoais de aprendizaxe 50
2.4.7. Inclusión e atención á diversidade 50
2.4.7.1. Agrupamento dos estudantes 51
2.4.7.2. Organización dos espazos 51
2.4.7.3. Organización dos tempos 52
2.4.7.4. Organización dos materiais e os recursos didácticos 52
4.7.5. Flexibilidade curricular 53
2.4.8. Metodoloxías activas para aprender a aprender 54
2.4.8.1. Técnicas didácticas centradas no estudante e no desenvolvemento das competencias 55
2.4.8.2. Aspectos fundamentais dalgunhas das metodoloxías activas empregadas 57
2.4.8.2.1. Aprendizaxe Baseada en Proxectos (PBL) 57
2.4.8.2.2. Aprendizaxe Baseada en Problemas (ABP) 58
2.4.8.2.3. Aprendizaxe Baseada en Retos (ABR). 58
2.4.8.2.4. Aprendizaxe Baseada en Experiencias 59
2.4.8.2.5.Pensamento de Deseño (Design Thinking). 60
2.4.8.2.6. Pensamento Visual (Visual Thinking) 60
2.4.8.2.7. Aprendizaxe Cooperativa (AC) 60
2.4.8.2.8. STEAM. 61
2.4.8.2.9. Traballo en Equipo 61
2.4.8.2.10. Aprendizaxe Baseada no Pensamento (TBL) 62
2.4.8.2.11. Laboratorios de Aprendizaxe. 63
2.4.8.2.12. Aprendizaxe baseada no movemento 63
2.4.8.2.13. Gamificación 64
4.8.2.14. Aprendizaxe-Servizo 64
4.8.2.15. Outras metodoloxías que se deben ter en conta 64

3. Alguns proxectos que se ofrecen nos Centros 67
3.1. Formación Intercultural 69
3.2. Proxecto Lingüístico e Plurilingüe 69
3.3. Proxecto de educación emocional 70
3.4. Proxecto de emprende-mento e innovación social 71
3.5. Proxecto de actividades extracurriculares e de rela-ción coa contorna 72

Notas 73

Presentación

Onde hai un proxecto hai sentido e onde hai un proxecto con sentido hai futuro. As Institucións Compañía de María contan cun Proxecto que resistiu a proba do tempo, máis de catrocentos anos, soubo dialogar con distintos momentos históricos e con diferentes culturas. O significado é educar e, segundo palabras de Xoana de Lestonnac, "facelo cada vez mellor"[1]. Este é o motivo polo que hoxe se explicita neste modelo pedagóxico a Compañía de María,

O Modelo leva unha experiencia acumulada nos seus xenes e, sen perder a súa esencia, acolle con novidade contribucións que o enriquecen para afrontar os desafíos que as sociedades e o mundo nos presentan. Como non podía ser doutro xeito, pon a persoa no centro do proceso de aprendizaxe e ensino. Aposta pola Educación Personalizada, un enfoque capaz de ampliar os desexos, abrir o horizonte das expectativas, fornecer a enerxía necesaria para ir sempre máis alá... o que posibilita a formación de identidades sas e sólidas, capaces de crear vínculos cos demais e con todo o creado, e influír na realidade mellorándoa.

A súa formulación é o resultado do intercambio de coñecementos e experiencias entre educadores e educadoras, relixiosas e laicos, de diferentes países. Unha construción colectiva que puxo en práctica algúns dos valores nos que queremos educar os nosos estudantes, cidadáns dun mundo global e intercultural: apertura, flexibilidade, colaboración, cooperación, compromiso común...

[1] Documentos fundacionais 1605-1638, ODN 1. Roma, 1976. Fórmula das clases, c.III, p. 142, n. 1. Proxecto Educativo Compañía de María. ODN Burdeos, n. 1, 2011, n. 8.

Este Modelo Pedagóxico Universal nace nun momento complexo, a pandemia xerada pola COVID-19 revelou moitas outras pandemias e a necesidade de cambios profundos; fíxonos ser máis conscientes de que as nosas escolas poden ser catalizadoras do cambio. Promover a singularidade de cada estudante, o seu ser único e irrepetible, no horizonte dunha cidadanía global fraterna, é a responsabilidade que, como Comunidades Educativas e como Comunidade de Compañía Universal, temos nas nosas mans, unha fraternidade que sexa "capaz de fecundar a terra e xerar futuro"[2], ese novo futuro no que cremos e polo que apostamos.

María, Nosa Señora, é para nós compañeira e referente. Da súa man, mirando o Señor que nos conduce, continuamos o noso camiño.

Mª Rita Calvo Sanz
odn Superiora Xeral

Roma, 21 de novembro de 2020
Festa da Presentación de María

[2] Cf. Carta Encíclica "Fratelli Tutti", sobre a fraternidade e a amizade social. Papa Francisco. Outubro 2020, n. 53.

Introdución

A persoa como centro de aprendizaxe e unha educación que se centra na persoa para que poida ser a mellor versión posible de si mesma, aquilo ao que Deus chama, marcan desde hai máis de 400 anos o Proxecto Educativo e o proceso de ensino-aprendizaxe das nosas escolas. O Modelo Pedagóxico da Compañía de María, "SIGNA", incorpora as achegas da Educación Personalizada, tenta afondar á luz do que isto implica e implementar novas dinámicas, métodos e ferramentas que respondan aos cambios que este mundo multicultural, global e complexo esixe. É un documento de carácter universal coa flexibilidade necesaria para ser levado á práctica nos diferentes contextos e culturas onde a Compañía de María desenvolve a súa misión educativa.

O seu contido expúxose en tres apartados:

- O primeiro: As raíces e o horizonte de sentido dos Centros Compañía de María. Inclúen, como punto de partida, a Misión, a Visión e os Valores que sustentan a razón de ser, o propósito e as aspiracións da institución. Retoma, moi brevemente, as fontes e raíces históricas que están na base do Proxecto Educativo e os principios filosóficos e pedagóxicos que marcaron e marcan o noso traballo educativo e son un signo de identidade. A continuación indícanse algúns acentos da educación da Compañía de María.

- O segundo: Modelo Pedagóxico Compañía de María: a Educación Personaliza-da. Establece e define a razón deste tipo de aprendizaxe-ensino e os compromisos que implica, así como as características que lle son propias e o papel e a interacción necesarios entre todos os compoñentes da Comunidade Educativa. Tamén sinala as distintas formas de avaliación personalizada.

Ao final deste apartado, descríbense as diferentes metodoloxías activas para aprender a aprender.

- O terceiro: Algúns proxectos que se ofrecen nos Centros. Destaca que o que se ofrece vai "máis alá da aula e do establecido", na procura dunha educación integral e integradora. A modo de exemplo, sinálanse só algúns que se consideran significativos; os centros, segundo a súa realidade e condicións, poderán implementalos, engadir outros ou enriquecelos.

SIGNA, como o seu significado etimolóxico indica, segue firmando o compromiso de educar cunha identidade propia, ao servizo da Igrexa e do mundo, segundo o desexo de Xoana de Lestonnac.

1

Raices e horizonte de sentido dos Centros Compañía de María

1.1. Misión, Visión e Valores

1.1.1. Misión

Ofrecer unha educación humanista cristiá que, desde o diálogo de fe-xustiza, fe-cultura, fe-ciencia e tecnoloxía, inflúa na formación integral das persoas e na transformación da sociedade[3].

1.1.2 Visión

Os Centros Educativos da Compañía de María, inspirados no carisma de Santa Xoana de Lestonnac, identifícanse pola vivencia dos valores do Evanxeo, a excelencia educativa, a calidade de xestión, a apertura ao mundo plural e diverso, o compromiso social e o coidado do planeta.

1.1.3. Valores

Compartir valores, asumidos a partir da introspección persoal, vai configurando unha maneira de ser e de facer que nos identifica como Compañía. Os valores non só dan identidade, tamén son un horizonte de sentido que se reflicte en actitudes e comportamentos vividos a cotío. Defiróronse, a nivel universal[4], os seguintes:

- ***Paixón por Xesús.*** Xesús como principio, fundamento e sentido da existencia.
- ***Humildade.*** Aceptación da propia realidade e da dos demais, que se abre á relación e á axuda mutua.
- ***Sinxeleza.*** Valoración do pequeno, do fráxil e do cotián.

[3] Proxecto Educativo Compañía de María (P.E.odn), nº 1 ODN Burdeos. Edicións Lestonnac, 2011, n. 1.

[4] Cf. XVII Capítulo Xeral. ODN nº 26, Roma 2015, p. 248-251.

> *Compañía de María Nosa Señora, primeira Orde relixiosa dedicada á educación da muller.*

- ***Gratuidade.*** Acoller a vida como agasallo e disposición para servir, sen esperar nada a cambio.
- ***Compaixón.*** Deixándose afectar polo sufrimento do outro e respondendo con amor eficaz.
- ***Hospitalidade.*** Apertura do corazón para ir ao encontro do outro e camiñar xuntos acollendo novas posibilidades.
- ***Coherencia.*** Relación entre o que se pensa, o que se di e o que se fai.
- ***Alegría.*** Froito dunha mirada positiva que irradia o gozo de vivir.

1.2. Fontes e raíces históricas

A fundadora da Compañía de María, Xoana de Lestonnac, naceu en Burdeos (Francia) no ano 1556, na familia Lestonnac-Eyquem de Montaigne. Medrou nun ambiente humanista e viviu de preto a guerra de relixións entre protestantes e católicos. Casou con Gastón de Montferrant, foi nai de cinco fillos e cando quedou viúva entrou no mosteiro das Fulienses en Toulouse, de onde tivo que retirarse pouco despois por problemas de saúde. En 1607 fundou a Orde da Compañía de María Nosa Señora, a primeira Orde Relixiosa dedicada á educación da muller. O 15 de maio de 1949, a Igrexa declarouna santa.

O Proxecto Educativo que ofrece á sociedade é o resultado das súas ricas e profundas experiencias vitais e da influencia das correntes innovadoras da época:

- O humanismo do seu tío Miguel de Montaigne ten repercusións fundamentais na súa visión da educación, subliñando: a mirada cosmopolita, crítica e confiada do mundo; o carácter singular, integral e dinámico de cada persoa; o valor da amizade; a

virtude da honestidade; a necesidade de atoparse a si mesmo; a importancia da conversa e de acoller a cadaquén coas súas diferenzas; o xuízo recto e o amor á procura constante da verdade[5].

- O pensamento calvinista transmitido pola súa nai propón unha formación intelectual e moral que prepara a persoa para a súa integración na sociedade e para dar unha razón da súa fe. Faina consciente dos propósitos da educación: os bos costumes, a boa doutrina e o "ben público"[6].

- A Ratio Studiorum da Compañía de Xesús, inspirada nunha sólida espiritualidade, proporciona unha fundamentación para a pedagoxía, a regulamentación e a organización escolar.

O Proxecto Educativo que se constrúe a partir destas fontes, leva dentro de si un constante dinamismo, busca "facerse cada vez mellor"[7], o que require unha renovación segundo os tempos e os lugares, preservando a súa esencia.

1.3. Principios filosóficos e pedagóxicos

Ao longo da historia, a educación na Compañía de María identificouse con expresións de profundo significado filosófico e pedagóxico que marcaron o seu labor educativo e son un sinal de identidade en todos os lugares onde está presente.

Entre eles destacan:

"Todas non calzan o mesmo pé"

"Formación de cabezas ben feitas máis que ben cheas"

"No deixar apagar a chama"

[5] Cf. Michel de Montaigne, Los Ensayos, Acantilado. Libro I, sobre os mestres (24) e sobre a formación dos fillos (25), libro II, sobre os libros (X). Barcelona 2007.

[6] Cf. Documentos fundacionais 1605-1638, ODN 1. Roma, 1976. Fórmula das clases, c.III, p. 142, n. 1. Proxecto Educativo

[7] Compañía de María. ODN Burdeos, n. 1, 2011, n. 9.

"A Comunidade Educativa é un lugar de referencia para a transmisión de valores.

"A muller debe salvar a muller"

"Educar na vida e para a vida"

"Educar en comunidade desde un Proxecto Común"

"Relación que acompaña, integra e axuda a medrar"[8].

1.4. Acentos da Educación Compañía de María

1.4.1. Educación contextualizada

A realidade do estudante, coñecer o seu ambiente familiar e social, convértese nun aspecto fundamental para ofrecerlle a oportunidade de realizar aprendizaxes significativas e relevantes que se relacionen coa súa vida cotiá, lle abran novas experiencias a nivel local e universal, e motiven o seu interese polo coñecemento e pola construción de novos coñecementos.

Tamén será necesario formar os estudantes para que poidan facer unha lectura crítica e esperanzadora da realidade, sexan conscientes do momento histórico no que viven, crean na utopía de que outro mundo mellor é posible e poidan descubrir cal é o seu lugar nesta construción, implicándose na mellora e no ben común.

1.4.2. A persoa no centro

O Proxecto Educativo da Compañía de María sitúa o estudante no centro do proceso de aprendizaxe para promover o seu desenvolvemento persoal e académico. Ten en conta as características e necesidades educativamente singulares de

[8] Cf. P.E.odn, 2011,n.13-19.

cada alumno, razón pola que favorece a creación de ambientes inclusivos onde se fomentan procesos de personalización e socialización.

O estudante considérase un ser único e irrepetible, orixinal na súa singularidade, con identidade propia, capaz de exercer a súa liberdade e ser progresivamente responsable do seu propio crecemento e progreso. O obxectivo principal deste enfoque singularizado é ofrecer unha formación integral que contribúa ao desenvolvemento de todas as súas potencialidades e axude a satisfacer as súas necesidades.

1.4.3. Formación ética, valores, responsabilidade social e ecoloxía integral

A Comunidade Educativa é un lugar de referencia para a transmisión de valores. O compromiso ético e a procura dunha vida plena e con sentido para todos son desafíos irrenunciables na formación da Compañía de María, así como a creación dunha conciencia de responsabilidade universal na que se recoñeza, respecte e coide a cada persoa e ao planeta. Formar unha relación dinámica e positiva con todo o que existe, permítelle ao estudante configurar unha identidade cosmopolita global que o motive a vivir dun xeito comprometido e a establecer relacións de harmonía e fraternidade con todo o creado.

Esta visión implica traballar por unha cultura do encontro, onde as diferenzas se converten nunha riqueza que convida ao diálogo e á busca de obxectivos comúns para contribuír ás grandes causas da humanidade e do planeta: a loita pola xustiza e a paz, o coidado do "fogar común", a xeneralización dunha conciencia ética e dunha cidadanía global.

1.4.4. Formación espiritual e na fe

> *A Educación é considerada como un ben público que incide na transformación da sociedade*

A Compañía de María propón os valores que Xesús de Nazaret anunciou como camiños de realización humana e vías de acceso á propia interioridade e ao encontro cos demais e con Deus.

Desde este horizonte, esta educación humanista cristiá centra na persoa de Xesús o camiño para chegar ao Pai e en María Nosa Señora, a compañeira, o referente dos valores que anuncian un novo mundo. A Espiritualidade Ignaciana, na experiencia concreta de Santa Xoana de Lestonnac, é a guía para descubrir a presenza actuante e liberadora do Espírito de Xesús no mundo e para colaborar na construción do Reino de Deus.

Os Centros Compañía María, como escolas católicas, contribúen á formación integral baseada nos valores do Evanxeo, respectando a conciencia e as convicciónss de cada persoa. Esta educación evanxelizadora é unha fonte de inspiración para crentes e non crentes, porque, ao ser profundamente humana, é universal.

1.4.5. Educación de calidade, camiño de excelencia

Nos nosos Centros Educativos e, seguindo os pasos de Xoana de Lestonnac, a educación considérase un ben público que incide na transformación da sociedade. Esta conciencia hoxe en día ilumina a vida nas nosas escolas e o traballo de toda a Comunidade Educativa. O esforzo pola mellora continua, a través dun proxecto ben definido, a busca da integridade e a coherencia en todo o que facemos, permítenos avanzar e estar nun proceso constante de apertura, avaliación e renovación.

Os cambios pedagóxicos, metodolóxicos e organizativos que se incorporan nos nosos Centros e aulas, reflicten os avances na

calidade do servizo educativo que ofrecemos. Esta educación, que busca a excelencia, inflúe en todos os estamentos da Comunidade e tamén se proxecta na mellora do contexto.

No mundo actual, en continuo cambio, interconectado e global, as metodoloxías activas e as Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) convértense en aliados do noso traballo diario, facilitando a construción do coñecemento e a interrelación de coñecementos e culturas. Estas fortalecen o traballo en rede, o intercambio de coñecemento e talentos en espazos de colaboración e comunidades de aprendizaxe.

1.4.6. Comunicación e acompañamento

A conversa, o diálogo e o pensamento crítico son elementos esenciais no camiño da personalización e a socialización. Para Miguel de Montaigne e Xoana de Lestonnac, a arte da conversa, o diálogo e o acompañamento son claves nunha educación humanística que nos convida a aprender de todos e con todas as persoas e todo o que nos rodea. Este pensamento está plasmado no Proxecto Educativo Compañía de María e marca a forma de relación entre o estudante e o educador que se caracteriza pola confianza e o respecto mutuo: "os educadores camiñan cos estudantes, nun clima de proximidade e agarimo, sinalando o horizonte e posibilitando que cada un percorra o seu propio camiño"[9].

Cada estudante no seu crecemento persoal constrúe un proxecto que se vai facendo realidade gradualmente, pero que non pode avanzar sen o diálogo, o acompañamento respectuoso e estimulante que, xunto con momentos de silencio e introspección persoal, lle axuden a adquirir a autonomía, a liberdade e a autoestima necesarias para discernir e ter bo xuízo nas decisións vitais e así poder desenvolver con seguridade as súas competencias e habilidades.

[9] P.E.odn, nº15.

2

Modelo pedagóxico Compañía de María:

a Educación Personalizada

A Compañía de María, ao longo da súa historia, encarnou as ideas educativas da súa Fundadora. Xoana de Lestonnac bebera das fontes do humanismo renacentista xa consolidado, no que tanto o mundo católico como o protestante resaltaban o valor da persoa en si mesma e na súa totalidade, e a importancia da educación. A persoa como centro de aprendizaxe e unha educación que se centra na persoa para que poida desenvolver as súas posibilidades e poida realizar de xeito competente a súa misión no mundo, marcan desde o principio o Proxecto Educativo e o proceso de ensino-aprendizaxe das nosas escolas.

A proposta educativa que Xoana de Lestonnac acolle e ofrece como agasallo á sociedade e á Igrexa, recolle con sabedoría as experiencias educativas nacentes levadas ata entón e foise enriquecendo coa achega das correntes pedagóxicas de cada época, en coherencia con este estilo propio de educar.

Na actualidade, considerouse necesario explicitar o Modelo Pedagóxico da Compañía de María, incorporando as achegas da Educación Personalizada, afondando nas súas implicacións e engadindo novas dinámicas, métodos e ferramentas que respondan aos cambios que demanda un mundo multicultural, global e complexo.

Este novo Modelo Pedagóxico “SIGNA”, en sintonía co Proxecto Educativo Compañía de María e irradiado polo modelo propio de Evanxelización “UNITAS”, como un todo inseparable, busca influír na formación integral e integradora de cada persoa, quen como protagonista da súa aprendizaxe é quen de desenvolver as capacidades e habilidades que a preparan para, a partir do seu proxecto de vida, ser cidadá deste mundo global e colaborar, con outros e outras, na construción deste último.

2.1. A Educación Personalizada: conceptualización

A Educación Personalizada "como concepto educativo, aspira a ofrecer unha cosmovisión do feito educativo. Debe valorarse pola súa apertura a todas as correntes, investigacións, sistemas, métodos, técnicas, estratexias e procedementos, sempre que contribúan á formación total da persoa"[10]. A conceptualización da Educación Personalizada ten unha perspectiva construtivista que defende unha estruturación significativa do coñecemento como resultado da interacción co medio, cos demais e cun mesmo. "Engloba de forma poliédrica e holística todos os factores necesarios para lograr o desenvolvemento integral de cada persoa. Entende a educación como o perfeccionamento intencional das facultades humanas a partir dun estilo centrado na persoa, que é o fundamento da súa orixe e a súa meta"[11].

[10] Bernardo, J. Educación personalizada: principios, técnicas e recursos. Madrid: Síntesis, 2011.

[11] García Hoz, V. Introdución xeral a unha pedagoxía da persoa. En tratado da Educación personalizada. Madrid: Rialp, 1993.

Un sistema de aprendizaxe personalizada promove procesos de socialización e personalización, recoñece a orixinalidade, a liberdade, a autonomía e a responsabilidade de cada estudante para desenvolver ao máximo o seu potencial. Ten en conta os principios e dimensións da persoa, a través da actividade ben feita, consciente, libre e a convivencia cordial. Tamén potencia todas as dimensións humanas: física, cognitiva, emocional e espiritual. Este proceso educativo, sempre dinámico, permite modificar a pedagoxía, o currículo e o contorno do estudante para adaptarse ás súas necesidades e aspiracións. Isto require tempo e intercambio de significados. Os novos contidos cobran sentido cando existe unha relación entre o inédito e o coñecido, ao usar material con significado lóxico relacionado coa estrutura cognitiva do que aprende. As tarefas da aula adáptanse ás características persoais e específicas de cada integrante do grupo: idade, ambiente cultural, capacidade para procesar e organizar información, entre outras, provocando curiosidade e interese a partir de situacións e problemas reais e novidosos.

Os alumnos aprenden a observar e comprender como funciona o mundo que os rodea, adaptándose, cuestionándose, buscando solucións para superar os retos con perseveranza e valorando o erro como parte esencial da aprendizaxe.

Durante este proceso ofréceselles coñecementos, poténcianse competencias e habilidades, adáptase o traballo aos ritmos, requirimentos e predilección no ambiente máis colaborativo e interactivo posible. Isto supón unha oferta educativa que evita a uniformidade, a homoxeneidade e a repetición. Na aula dáselle importancia á autorregulación ao longo de todo o proceso para que o estudante poida avaliar a eficacia ou non da estratexia elixida e empregada. Todo isto configura unha aprendizaxe significativa que cobra relevancia para a experiencia persoal e escolar.

En resumo:



2.1.1. A aprendizaxe personalizada

O estudante, ao recibir os estímulos, interrógase a si mesmo e faise preguntas que proceden da realidade e adquire coñecemento despois dun proceso reflexivo, consistente na elaboración de datos ofrecidos por estes estímulos.

A aprendizaxe comeza a partir dunha actividade que presupón a formulación dunha pregunta ou interrogante. O primeiro momento inclúe funcións como: observar, identificar, nomear, analizar, comparar, organizar, deducir... onde se empregan a atención e a memoria. Posteriormente, o estudante é capaz de acadar un novo coñecemento, transformando os estímulos recibidos a través do proceso de elaboración que ten lugar dentro do seu ser. Este novo coñecemento supón o enriquecemento interno da persoa, a retención e apropiación do aprendido. O coñecemento asimílase para empregalo en contextos distintos á aprendizaxe orixinal e pódese expresar a partir dunha creación: verbal, escrita, xestual ou práctica.

2.1.2. Estilo educativo personalizador

Este estilo educativo favorece:

- Un traballo individual e en grupo máis activo e participativo nas aulas, que aumenta a conciencia do presente: o aquí e agora.
- Unha aprendizaxe ao longo da vida.
- Que o protagonista da aprendizaxe sexa o estudante e o profesor o inspirador, mediador, guía e acompañante.
- A valoración do coñecemento como factor clave para xerar obxectivos e valores segundo a realidade persoal e contextual de cada estudante.

O modelo educativo personalizador caracterízase por ser:

- Integrador e aberto: reúne todos os elementos da realidade. A diferenza introdúcese como un elemento máis onde todo se complementa. Esta complementariedade é, en esencia, integradora. Promóvese unha actitude de apertura cara ao outro e cara á realidade que favorece o desenvolvemento de todas as posibilidades de cada persoa.
- Reflexivo e crítico: a reflexión xoga un papel fundamental

> *Descóbrese o sentido da vida como un ben persoal e común, desde o optimismo e a esperanza.*

para dar un carácter humano á aprendizaxe. Foméntanse actividades para provocala e promover o criterio persoal obxectivo. O que permite:

_ Unha mirada lúcida cara ao interior.

_ Ter conciencia da propia vida para descubrir o seu sentido máis profundo.

_ Observar e valorar a realidade con criterio e opinión fundamentada.

_ Desenvolver o pensamento crítico.

■ Singularizado e convivencial: a despersonalización que caracteriza a sociedade actual pode ser contrarrestada na aula a partir da acollida de cada estudante, como persoa única e irrepetible, o que favorece que poida actuar por si mesma, reforzar a súa identidade e reforzar a súa autonomía.

Ao mesmo tempo, contrarréstase a tendencia social cara ao individualismo e á formación de personalidades pechadas e egoístas. Por este motivo, dáselle especial importancia ao vínculo da persoa cos que a rodean e promóvese a comunicación e a apertura como medio de relación. Búscase:

_ A sinceridade no trato.

_ O fomento da amizade e o compañeirismo.

_ O tempo de calidade na relación do docente e o estudante.

_ O bo ambiente de traballo, a convivencia e a adquisición de hábitos e rutinas.

_ O traballo de colaboración entre todos os membros da Comunidade Educativa.

■ Operante e creador: refórzase a capacidade creativa que se estende a todas as manifestacións da vida: ciencia, arte, tecnoloxía, vida escolar, vida familiar... Por iso:

_ Óptase pola obra ben feita.

_ Promóvense as aprendizaxes e as actividades que faciliten a expresión.

_ Estimúlanse o traballo individual e o traballo en grupo como medios de colaboración e convivencia.

_ Créanse situacións onde os estudantes teñen a iniciativa, sempre acompañados polos seus profesores.

■ Esixente e gozoso: aspírase a un traballo ben feito e a unha boa conduta, sabendo que o que paga a pena ás veces require esforzo e produce alegría. O sentido da vida descóbrese como un ben persoal e común, desde o optimismo e a esperanza. Por este motivo, trabállase para:

_ Recoñecer o que está ben e rectificar os comportamentos, as accións ou os produtos que necesiten ser revisados e mellorados.

_ Promover as afeccións como fonte de alegría e intercambio.

_ Fortalecer a disciplina e o autocontrol.

2.2. Compromisos que supón hoxe a Educación Personalizada no Modelo Pedagóxico Compañía de María

■ Acompañar a cada estudante como ser único con necesidades persoais ás que hai que dar resposta.

■ Establecer as condicións para que se recoñeza a dignidade de cada persoa, a súa identidade e singularidade. Cultivar a

> *Priorizar a formación ética e sociopolítica que implica o compromiso co coidado do planeta e da vida*

individualidade e a socialización que fomentan o respecto cara a un mesmo e cara aos demais, baseándose na interiorización persoal, no diálogo e na participación.

- Desenvolver todas as dimensións da persoa e potenciar a autonomía, a liberdade, a iniciativa persoal e os hábitos de traballo.

- Manter un enfoque activo da educación e unha personalización da aprendizaxe con equidade, accesibilidade e responsabilidade social. A escola debe ser un medio que proporcione ao estudante as ferramentas necesarias para adquirir a responsabilidade da súa propia vida e aprendizaxe.

- Adaptar os procesos educativos ás características e necesidades concretas de cada estudante para que evolúa todo o que poida e ofrecerlle oportunidades para reflexionar e explorar as posibilidades que se lle presentan.

- Promover aprendizaxes significativas e relevantes que desenvolvan as habilidades do século XXI (interpersoais e tecnolóxicas), para a innovación e a creatividade e para estruturar unha identidade cosmopolita global.

- Traballar en contornas creativas, dinámicas e estimulantes, cognitiva e afectivamente, que favorezan o entusiasmo e a curiosidade intelectual dos estudantes.

- Optar por un currículo personalizado e aberto que se adapte ás características e necesidades do estudante e permita a identificar e documentar obxectivamente o seu progreso.

- Promover hábitos de traballo intelectual e dominio das estratexias para aprender a aprender e a pensar: capacidade para distinguir o importante do trivial, o real do aparente e o permanente do cambiante. E unha aprendizaxe metacognitiva, que permite a autorregulación e o autocontrol durante todo o proceso.

- Utilizar diferentes medios e recursos físicos e tecnolóxicos como fonte de contido e de novas aprendizaxes.

- Avaliar metodoloxías e ferramentas que promovan o desenvolvemento de diferentes pensamentos e habilidades dixitais.

- Optar por unha avaliación continua e formativa, entendida como o seguimento permanente dos estudantes para coñecer o seu desenvolvemento, as súas potencialidades e dificultades; readaptar o programa, baseándose na capacidade e na motivación máis que no rendemento.

- Tratar que o proceso de crecemento persoal estea ligado á satisfacción polo traballo ben feito e realizado de xeito ético.

- Promover a participación colaborativa, comprometida e coherente da familia na vida escolar e no desenvolvemento do estudante.

- Facilitar a apertura a outras realidades que propicien encontros interculturais, formen na aceptación das diferenzas e fortalezan a capacidade de escoita, comunicación, colaboración e intercambio.

- Priorizar a formación ética e sociopolítica que implica o compromiso de coidar o planeta e a vida en todas as súas manifestacións para colaborar na construción dunha sociedade máis equitativa e pacífica, coa conciencia de ser cidadáns do mundo.

- Ofrecer unha educación cristiá que fomente o encontro coa persoa de Xesús de Nazaret e o compromiso na construción do Reino de Deus.

2.3. Papel, forma de situarse e actuar dos compoñentes da Comunidade Educativa

“No Modelo Pedagóxico Compañía de María, o estudante sitúase no centro

No Modelo Pedagóxico Compañía de María, o estudante sitúase no centro e a escola e a familia traballan en harmonía, por un proxecto común, nun contexto social amplo e determinado. Nel, as relacións baseadas na confianza mutua marcan un proceso continuo e estimulante que permite o crecemento, a interrelación, o diálogo e o traballo conxunto.

2.3.1. O estudante

A Educación Personalizada recoñece e outorga ao estudante o papel de protagonista da súa aprendizaxe e convérteo no máximo responsable do seu proceso. Como ser activo e responsable, involúcrase no que fai e esfórzase por acadar os seus obxectivos.

O estudante, grazas ao traballo dentro e fóra da aula, á relación e ao acompañamento dos seus educadores, vai adquirindo autonomía e conciencia da súa aprendizaxe no seu desenvolvemento persoal. Implícase no proceso e toma conciencia dos obxectivos e do xeito de alcanzalos. É capaz de recibir estímulos, facerse preguntas, buscar respostas, xerar coñecemento, aceptar compromisos e tomar decisións. Utiliza a metacognición e a autorregulación do propio proceso de aprendizaxe que permiten planificar as estratexias que se deben empregar en cada situación, como aplicalas e como controlar o proceso de avaliación para detectar os erros e realizar a transferencia a novas situacións. Como ser social, relaciónase co ambiente e aprende de e cos seus iguais, considera e aprende a aceptar de xeito reflexivo e crítico as orientacións dos profesores e dos seus propios compañeiros

e é quen de transferir o aprendido dentro e fóra da aula. Neste proceso de crecemento persoal, un autocoñecemento adecuado e unha boa autoestima convértense na base para que este desenvolvemento integral sexa posible.

2.3.1.1. Perfil de saída do estudante

Establecer un perfil de saída ten como principal obxectivo que o estudante, cando remate o seu proceso formativo nos nosos Centros, estea preparado para actuar con responsabilidade ante o futuro, mostrando iniciativa, compromiso e excelencia persoal.

Este perfil de saída, expresado en forma de competencias xerais, adquire un carácter global que permite abordar as dimensións da persoa dun xeito holístico e non fragmentado. O carácter globalizador que marca o proceso de aprendizaxe e ensino debe estar relacionado cunha planificación que favoreza que o estudante desenvolva as competencias e adquira os recursos para poder responder aos retos que a vida formula no eido persoal, interpersoal, social e profesional.

Este perfil de saída guía e orienta as decisións educativas que se toman no Centro e na aula a partir de propostas e estratexias metodolóxicas que predigan, de xeito nuclear, a atención ás características diferenciais de cada un.

O estudante, como líder da súa vida, descríbese a si mesmo como PERSOA:

- ***Optimista:*** desde un realismo esperanzador, tende a ver as persoas e situacións no seu aspecto máis positivo ou favorable.
- ***Autónoma:*** con criterio propio, toma decisións e asúmeas con liberdade e compromiso.

- ***Proactiva:*** con iniciativa, emprendedora, identifica os problemas, busca obxectivos de mellora e actúa con creatividade e responsabilidade.

- ***Competente***: sabe o que quere facer, pode facelo e faino, buscando a excelencia en coherencia cos seus valores.

- ***Disciplinada:*** traballadora e perseverante, con desexo de superación e de seguir adiante.

- ***Sensible:*** capta os sentimentos dos demais e as situacións que poden afectar á vida das persoas e da natureza e implícase no seu coidado.

- ***Intelixente emocionalmente:*** con coñecemento propio, autoestima e capacidade de autorregulación que recoñece e xestiona as súas propias emocións e respecta as dos demais.

- ***Identificada con valores sociais e transcendentes:*** solidaria, con espírito crítico e compromiso ético, aberta ao mundo e á transcendencia e coa capacidade de convivir nun grupo buscando o ben común.

- ***Comprometida:*** altruísta e xenerosa, con capacidade de servizo e entrega, que atopa en Xesús de Nazaret un sentido para a súa vida e descobre en María e Xoana de Lestonnac modelos de compromiso e realización humana e cristiá.

2.3.2. O Docente

O educador dos Centros Compañía de María, comprometido co Proxecto Educativo Institucional, coñece a realidade na que interactúa e a dos estudantes. Ten un papel fundamental na aula, non como actor e expositor principal senón como guía, mediador e acompañante; atendendo á formación integral de cada estudante, establece unha relación adecuada con eles e coas súas familias.

Promove unha educación de calidade e acompaña os estudantes cara ás súas metas previstas. A partir da interacción con cada un, realiza un seguimento personalizado ao longo do proceso, oriéntaos e utiliza os medios e recursos necesarios para responder ás súas necesidades e ofrecer oportunidades de crecemento. Deseña e adapta o currículo segundo o Modelo Pedagóxico e as necesidades de cada persoa, e avalía a aprendizaxe.

O educador axuda os estudantes a abrirse á realidade para facer o ben, ofrecéndolles seguridade e realismo. Acepta e é sensible ás súas diferenzas individuais. Crea un clima que favorece o diálogo, a participación e a interiorización persoal. O seu compromiso persoal, a súa capacidade comunicativa e a súa empatía cos estudantes lévao a ter unha actitude de axuda e servizo desde a sensibilidade, a tolerancia e o respecto na defensa do principio de equidade de oportunidades. Valora o esforzo, non tanto o éxito. Aprecia os acertos e acepta os erros, valorándoos como fonte de aprendizaxe. "O docente é testemuña coa súa palabra e coa súa vida dos valores e principios nos que se quere educar"[12].

A idoneidade dos educadores para o exercicio docente e a súa formación humana e profesional, á luz da pedagoxía e espiritualidade da Compañía de María, garante a calidade dos Centros Educativos.

A formación permanente convértese nun punto clave para que o docente viva con sentido a súa misión e poida adaptarse aos cambios que a realidade e o sistema educativo requiren de forma continua e esixente. A través da formación, o educador actualiza ou adquire novas formas de pensar sobre a aprendizaxe e o ensino, así como coñecementos, competencias e habilidades que lle permiten innovar metodoloxías, estratexias didácticas e recursos empregados para responder ás necesidades dos estudantes e ás esixencias da sociedade. Autoavalíase periodicamente e participa de xeito proactivo na avaliación de como se están a poñer en práctica o Proxecto Educativo e o Modelo Pedagóxico.

[12] Cf. P.E.odn, n. 12

“O docente é testemuño coa súa palabra e a súa vida dos valores e principios nos que se quere educar

2.3.3. A familia

A familia, como primeira educadora dos seus fillos, participa activamente no seu proceso educativo. Foméntase a súa participación na vida escolar, promovendo relacións de colaboración e fomentando iniciativas que favorezan unha comunicación adecuada e fluída. O Centro ofrece ás familias diferentes posibilidades de formación, como axuda na educación dos seus fillos e para que os valores que desexan transmitir e vivir tamén se poidan levar a outros ámbitos de actuación persoal e profesional[13].

Esta relación require potenciar:

- O establecemento de obxectivos comúns entre os pais ou responsables dos estudantes e o profesor titor, que se revisan periodicamente.
- A avaliación conxunta e continua cos pais do proceso educativo do estudante, que permite avaliar os avances e introducir as melloras necesarias para a súa formación integral.
- Encontros e actividades que promovan as relacións abertas e cordiais entre os membros da Comunidade: presentacións de proxectos, xornadas, convivencias, graduacións, festas e celebracións da Compañía...

2.3.4. A Comunidade Educativa

A Comunidade Educativa, mediante un traballo colaborativo e complementario, posibilita o desenvolvemento e a implementación do Modelo Pedagóxico nos Centros. Esta constrúese a partir da respectuosa acollida de todos os seus membros e da contribución específica de cada un, a través da promoción dunha cultura participativa, do diálogo e da comunicación, facendo do Proxecto Educativo Compañía de María un proxecto común compartido.

[13] P.E.odn, n. 11

O traballo en equipo, as relacións de axuda e a implicación responsable de todas as persoas que realizan a tarefa educativa, demostran que a educación é tarefa de todos. "A acción educativa baséase nun tecido de relacións interpersoais estruturadas en torno a un Proxecto común"[14].

Nesta Comunidade cada membro ten unha misión:

- O estudante é suxeito e responsable da súa propia formación. En cada unha das etapas, asume diferentes responsabilidades e prepárase para afrontar as situacións que xorden con compromiso e motivación.

- Os educadores acompañan e guían o crecemento dos estudantes, promoven o seu desenvolvemento e axúdanlles a construír o seu proxecto de vida.

- O persoal de administración e servizos educa co seu testemuño, participa desde a súa especificidade e é un apoio imprescindible para o bo funcionamento do Centro.

- A familia é o principal axente na educación dos seus fillos. Co seu apoio, colaboración e identificación coa filosofía da Institución, contribúen á súa formación integral.

A Orde da Compañía de María, a través da Dirección Titular do Centro, é a responsable de dar continuidade e garantir que a educación ofrecida se axuste ao espírito de Xoana de Lestonnac e á tradición pedagóxica da Compañía expresados no Proxecto Educativo.

[14] Cf. P.E.odn, n. 12

Co compromiso de todos, faise posible a escola que ofrece a Compañía de María, que se caracteriza por ser unha escola:

> *"educación competencial, a innovación e a atención á diversidade*



2.4. Características

A nosa perspectiva e as prácticas de aprendizaxe e ensino teñen características que definen o estilo educativo e propician a educación de competencias, a innovación e a atención á diversidade.

2.4.1. Aprendizaxe significativa, global e holística

Apóstase por unha aprendizaxe significativa, global e holística que permita ao estudante dar sentido ao que está aprendendo para que perdure no tempo e teña os recursos necesarios para actuar con competencia ao longo da vida. Neste tempo de cambio e transformacións constantes da sociedade, entendemos que a escola xa non é a única fonte de información. Os Centros Educativos, abertos ao mundo, son lugares de aprendizaxe e non só de ensino e fomentan a participación activa do estudante.

Nos centros Compañía de María ofrécense experiencias reais ou simuladas, pero sempre contextualizadas, que permiten abordar os intereses, as habilidades e os estilos de aprendizaxe de cada estudante para favorecer a construción significativa do coñecemento. Priorízase e dáse resposta a un dos piares da filosofía do noso Proxecto Educativo: "Cabezas ben feitas máis que ben cheas"[15].

Promóvese a aprendizaxe autónoma e autodirixida, o afondamento e a creación de retos que leven a fortalecer o pensamento diverxente e a creatividade, co fin de contribuír á formación de persoas emprendedoras e innovadoras que poidan mellorar o mundo que as rodea. As actividades convértense en medios para propiciar o desenvolvemento das capacidades dos estudantes e a promoción de valores, e convértense nun elemento fundamental da aprendizaxe; polo tanto deberán ser:

[15] Cfr. P.E.odn, 2011, n. 16.

Máis aló da transmisión de contidos, favorécese o desenvolvemento da interioridade (ser), das capacidades (saber), das habilidades (saber facer) e das motivacións (querer facer), mentres que se estimula a formación dun pensamento reflexivo, aberto e solidario con procedementos que conducen á autointerrogación e á xeneralización. Os estudantes aprenden estratexias para mellorar e autoxestionar a súa aprendizaxe de xeito eficaz e autónomo descubrindo o que, o como, o por que e o para que dunha tarefa.

2.4.2. Aulas abertas ao mundo

As aulas, laboratorios, os obradoiros, a biblioteca... convértense en espazos de traballo dinámicos e construtivos, onde se promove o diálogo, se constrúe coñecemento e se aprende conxuntamente a partir do debate, a investigación, a experimentación e a vivencia de actividades significativas. Neles téntase xerar un clima altamente motivador que aumente a curiosidade e o rendemento dos estudantes. Son espazos abertos ao mundo, á realidade máis próxima e á vida de cada Centro, que permiten o intercambio entre todos os membros da Comunidade Educativa e a mellora continua.

O educador non se fai responsable dunha única clase, senón que observa e participa na xestión das aulas doutros docentes (team teaching). Esta apertura e intercambio proporcionan unha comunicación e interacción, nun clima de confidencialidade e respecto. O debate sobre a observación, a xestión e as metodoloxías da clase supón a mellora profesional e facilita o intercambio de formas de actuar e educar. Este traballo conxunto favorece un fluxo de coñecemento e o empoderamento dos equipos docentes para unha práctica profesional compartida e de mellora continua. Ademais, posibilita unha oferta de propostas diversificadas para estudantes. As clases transfórmanse en aulas especializadas, cos recursos educativos apropiados, que facilitan o desenvolvemento do currículo desa materia.

2.4.3. Educación de competencias

A escola debe promover a adquisición de competencias clave que permitan aos estudantes aplicar o aprendido en situacións reais e evolucionar a nivel individual, social, académico e laboral ao longo de toda a súa vida. O noso modelo aposta por unha aprendizaxe de competencias e significativa. Preténdese que os estudantes desenvolvan competencias, é dicir, integren coñecementos (saber), habilidades (saber facer), valores e actitudes (saber estar e saber convivir) que lles permitan evolucionar de xeito eficaz en diversos contextos, desempeñar adecuadamente un papel, unha función, actividade ou tarefa, estar preparados para vivir unha vida significativa, poder realizarse como persoa e convivir nun mundo complexo co obxectivo de melloralo.



Priorízanse aquelas competencias que se centren no ser e que beneficien a autonomía e a iniciativa persoal e o "aprender a aprender", entendéndose como a capacidade de continuar a aprendizaxe dun xeito cada vez máis autónomo. Utilízanse ferramentas e metodoloxías que permiten traballar e avaliar por competencias desde a interdisciplinariedade, a aprendizaxe por descubrimento e a resolución de problemas para preparar o estudante para enfrontarse a situacións novas e relevantes.

2.4.3.1. Pensamento computacional, habilidades dixitais e uso responsable da Tecnoloxías das Información e a Comunicación (TIC)

Nos nosos Centros, a tecnoloxía ponse ao servizo do deseño pedagóxico, é unha ferramenta para promover aprendizaxes adaptadas ás particularidades que presentan os estudantes, ás necesidades da educación e da sociedade actual. Neste mundo interconectado e global no que xa están presentes as tecnoloxías exponenciais (robótica, intelixencia artificial, biotecnoloxía, nanotecnoloxía, realidade aumentada etc.), urxe a formación do pensamento computacional e o uso das TIC como ferramentas para resolver problemas, construír coñecemento e deseñar novos produtos. A participación en contornos virtuais e en liña tamén son medios para promover a aprendizaxe activa e interactiva e colaborativa e o intercambio entre estudantes de diferentes contextos.

No noso Proxecto, a ética no uso das tecnoloxías é clave neste horizonte creativo e aberto a continuos avances, por este motivo poténciase o traballo responsable con estes medios, a diferenciación e selección crítica das fontes de información, o autocontrol e a non dependencia tecnolóxica, o respecto cara a outros usuarios, o coidado da intimidade e a privacidade no espazo público de Internet: retos fundamentais para que os estudantes sexan responsables tecnoloxicamente.

2.4.4. Acompañamento do proceso educativo

A formación integral que se ofrece busca a harmonía e o equilibrio de todas as dimensións da persoa. Neste proceso, o contexto e as interaccións que teñen lugar entre os diferentes axentes

educativos adquiren un papel fundamental, “non educa unha persoa illada, senón todo un ambiente”[16].

O estudante está acompañado por docentes que o motivan e guían; que coñecen e respectan o seu ritmo persoal de aprendizaxe, atenden as súas necesidades e axudan a fortalecer e desenvolver as súas capacidades e posibilidades. A relación que manteñen baséase na confianza e no respecto mutuo.

2.4.4.1. A acción titorial

Pretende optimizar ao máximo o proceso de aprendizaxe e o crecemento do estudante a partir dun acompañamento persoal e académico. O diálogo e a conversa permiten un seguimento e avaliación continua para axudar ao seu crecemento e integración no grupo. Cada estudante está acompañado por un docente-titor que segue a evolución do seu proceso educativo dun xeito personalizado; ambos reflexionan conxuntamente sobre o traballo e establecen obxectivos de aprendizaxe baseados en plans persoais.

A través de titorías individualizadas, así como titorías en grupo e da observación sistemática de cada estudante, o titor traballa para crear un clima positivo na aula que propicie a aprendizaxe, as relacións interpersoais, o sentido do grupo e o compañeirismo. Ademais, poténciase a cotitoría ou a titoría entre iguais para fortalecer o apoio entre os estudantes, a axuda mutua, a convivencia e o desenvolvemento persoal e social.

Dispoñer dun Plan de Acción Titorial convértese nun elemento esencial para ofrecer un acompañamento sistemático e personalizado.

[16] P.E.odn, n. 18.

2.4.5. Avaliación personalizada

O Modelo Pedagóxico outorga un papel fundamental á avaliación como compoñente regulador fundamental do proceso de aprendizaxe e ensino e, por ese motivo, desenvolve sistemas operativos e eficaces que serven de motor para iniciar novas aprendizaxes, superar deficiencias e tomar decisións en tempo real para acadar os obxectivos propostos. Para conseguilo, ao longo do proceso avalíanse os diferentes elementos que integran o proceso educativo: a aprendizaxe dos estudantes e os resultados esperados, o rendemento e a implicación, a coherencia entre os obxectivos, os contidos, a metodoloxía e os recursos empregados.

A avaliación planifícase aplicando estratexias adaptadas aos diversos estilos de aprendizaxe. Realízase segundo os criterios establecidos e, sempre que sexa posible, coñecidos polos estudantes. Tamén se motiva a autoavaliación para que o estudante recoñeza os seus avances e valore o seu proceso de aprendizaxe, así como a coavaliación entre iguais.

A avaliación, segundo o seu propósito, ten diferentes modalidades e intencións:

- ***Avaliación diagnóstica ou preditiva:*** realízase ao comezo dun período para ter un diagnóstico do punto de partida do estudante. Contempla as súas características e capacidades persoais. Axuda a identificar o grao de coñecemento que ten, as súas experiencias e intereses. Tamén busca recoñecer os teus puntos fortes e traballar nos teus puntos débiles.

- ***Avaliación formativa e formadora***: realízase durante o proceso de aprendizaxe e ensino de forma continua e progresiva. Baséase na busca de evidencias sobre o rendemento dos estudantes, que son interpretadas tanto polo docente como polo estudante, o que permite determinar as accións necesarias para pechar a fenda, se existe,

entre o coñecemento actual e os obxectivos esperados. O coñecemento deste tipo de avaliación úsase para modelar a dirección e a práctica dentro do contorno de aprendizaxe, polo tanto, permite recompilar información, avaliar procesos, identificar os avances, coñecer as dificultades ou erros, ofrecer a axuda necesaria en todo momento e tomar decisións para realizar modificacións ou axustes que melloren a aprendizaxe.

- ***Avaliación sumativa ou de rendemento:*** compróbase o grao e nivel alcanzado, o produto final, así como a eficacia dos instrumentos. As actuacións avalíanse, en relación cos obxectivos previstos e cos resultados finais, a partir de procesos sistemáticos e periódicos con avaliacións de carácter cuantitativo e cualitativo.

"avaliación como compoñente regulador fundamental do proceso de ensinanza aprendizaxe

Desde esta perspectiva, a avaliación non se limita só a comprobar os resultados, senón que se converte no punto de partida para novas aprendizaxes, onde o erro é aceptado e considerado e onde a retroalimentación oportuna, focalizada, variada e descritiva cumpre co propósito de guiar os estudantes sobre os seus procesos, progresos e rendementos que lles permitirán seguir aprendendo. A avaliación contará con diversidade de técnicas, instrumentos e estratexias que permitirán recompilar información sobre o dominio dos contidos, a verificación da consecución das habilidades e as actitudes de aprendizaxe dos estudantes nas distintas etapas do proceso educativo. Entre eles, destacamos pola súa eficacia e eficiencia: as probas orais e escritas, os procesos de observación, as entrevistas e titorías, as exposicións e debates, as probas estandarizadas, as probas de execución ou rendemento, os historiais ou os diarios de aprendizaxe, a resolución de problemas e os mapas conceptuais. Outórgaselles un papel especial ás rúbricas debido á posibilidade que ofrecen de avaliar os indicadores observables e establecer niveis e matices na súa consecución.

Nestes procesos de avaliación, a comunicación continua coa familia adquire un papel fundamental para compartir os criterios

de avaliación e promoción, segundo as normas establecidas en cada país. O intercambio e o diálogo sobre o proceso, os avances e o rendemento e, finalmente, sobre os resultados do estudante, permitirán felicitalo polos seus logros e establecer cales son as posibles áreas de mellora.

2.4.6. Desenvolvemento óptimo do talento do estudante

2.4.6.1. Centros Educativos para o desenvolvemento do talento

O noso Modelo Pedagóxico aposta polo desenvolvemento do talento de cada estudante, desde unha perspectiva sistémica, entendéndoo como unha serie de competencias, aptitudes e habilidades que deben medrar exponencialmente.

Por esta razón, elíxese unha educación que se afasta dun modelo de reprodución do coñecemento, onde a aprendizaxe é pechada e pasiva, e inclínase cara a un modelo de aprendizaxe aberto e activo no que se potencia a imaxinación, a curiosidade e a indagación, o feito de facerse preguntas e de compartir ideas para chegar a formular as súas propias conclusións que leven a asumir retos e abandonar a zona de confort.

Para que o talento se desenvolva, é esencial que os profesores implementen programas que cultiven as capacidades do estudante dependendo da súa identificación e que permitan detectar debilidades, facilitando o seu desenvolvemento persoal. Posteriormente, concíbense liñas de intervención a partir de plans personalizados para cada estudante e grupo. Nas diferentes materias e propostas ofrécense múltiples e diversas oportunidades que poñen a proba o potencial, co

> *Un modelo de aprendizaxe aberto e activo no que se potencian a imaxinación, a curiosidade e a pescuda*

fin de acadar unha aprendizaxe autónoma nun ambiente de traballo cooperativo e con grupos flexibles, onde se desenvolven habilidades de comunicación, colaboración e participación, e o traballo xere implicación, liderado, motivación, pensamento crítico e creativo.

2.4.6.2. Plans persoais de aprendizaxe

Cada estudante, xunto co seu profesor-titor, deseña o Plan Persoal de Aprendizaxe no que se definen os obxectivos que se pretenden acadar e se especifican os medios e recursos necesarios para configurar o seu programa de actividades e actuacións adaptado ás súas características, necesidades e inquedanzas. O obxectivo final que se desexa acadar é a personalización da súa aprendizaxe para converterse nunha persoa capaz de afrontar retos elevados a partir do desenvolvemento dos seus puntos fortes e para afrontar as dificultades do mellor xeito posible. Na nosa proposta, o valor do esforzo, a responsabilidade e a superación persoal considéranse calidades fundamentais para acadar os obxectivos que se desexan conseguir.

2.4.7. Inclusión e atención á diversidade

Hoxe a diversidade é unha realidade en todos os nosos Centros; entendida como riqueza, ofrece a posibilidade de aprender uns dos outros. Ao promover a convivencia e o respecto mutuo, foméntase o intercambio de iniciativas e decisións que levan a camiñar e cooperar xuntos. As diferenzas xestiónanse a través de plans individualizados que xeran sinerxías e permiten o desenvolvemento das diferentes capacidades persoais.

O educador considera a heteroxeneidade das capacidades, entendidas desde un sentido máis amplo que o meramente académico, para fornecer unha resposta que teña en conta

a importancia do coñecemento persoal, as emocións, os sentimentos e as crenzas de cada estudante.

Contar cunha instancia especializada de atención á diversidade que apoie o traballo do profesorado é unha axuda para garantir a formación integral de cada estudante e para adaptar os procesos de ensinanza ás características e necesidades de quen o precisa. Ademais, participa na orientación educativa, psicopedagóxica e profesional dos estudantes e colabora cos titores, co resto dos profesores e coas familias.

2.4.7.1. Agrupamento dos estudantes

Os criterios para o agrupamento dos estudantes deben ser flexibles para responder á tipoloxía do alumnado e ao obxectivo e tipo de actividade que se pretenda realizar. Promóvese unha tipoloxía de agrupamento diversa: traballo individual ou por parellas, en grupos grandes, en equipos heteroxéneos fixos, en grupos flexibles homoxéneos ou heteroxéneos, en equipos intraclase e entre cursos por nivel de rendemento con estudantes de diferentes idades que permitan traballar ao nivel da súa capacidade, competencia ou rendemento consonte as súas necesidades e intereses. Esta variedade de agrupamentos favorece o axuste curricular e a flexibilidade, así como a mellora da motivación, a creatividade e o interese pola aprendizaxe. Ademais, e como aspecto fundamental, facilita o traballo das competencias interpersoais e de actitudes como o respecto, a tolerancia, a responsabilidade, a colaboración, o rigor, a perseveranza e a autonomía.

> *Ao potenciar a convivencia e o respecto mutuo foméntase o intercambio de iniciativas e decisións que nos levan a camiñar e cooperar xuntos*

2.4.7.2. Organización dos espazos

O deseño e organización de espazos educativos inflúen directamente na aprendizaxe dos estudantes, así como na mellora da relación afectiva, positiva e enriquecedora entre o profesor e o estudante e entre iguais. Nos nosos Centros óptase por crear espazos estimulantes, polivalentes, amplos, abertos e acolledores que se adapten á natureza da tarefa e que favorezan o traballo cualitativo, o desenvolvemento do currículo, o clima de convivencia, os hábitos da orde e a concentración.

2.4.7.3. Organización dos tempos

A distribución horaria é flexible e adaptada ás particularidades persoais do estudante e ao tipo de propostas que se presenten na aula. O profesor é responsable de xestionar o tempo diversificando as propostas en función dos niveis de capacidade, motivación, necesidades e aspiracións dos estudantes.

2.4.7.4. Organización dos materiais e os recursos didácticos

Realízase unha selección de materiais didácticos e dos recursos físicos e virtuais en relación co contexto educativo e as características dos estudantes. Isto permite responder á diversidade concreta e real nos diferentes momentos de aprendizaxe e ensino, así como á planificación, execución e avaliación. Cando sexa posible, a selección de estratexias e recursos xestionarase e codeseñaranse entre o docente e o estudante, dándolle voz e protagonismo.

4.7.5. Flexibilidade curricular

Desde un enfoque integrador, que promove unha aprendizaxe máis flexible, multinivel, aberta ao cambio e á modificación continua, o docente acompaña a cada estudante na súa aprendizaxe respectando os ritmos e as etapas de desenvolvemento, co fin de evitar a monotonía ou a perda de interese. Evítase un currículo uniforme e idéntico en contido, velocidade e nivel de reto para permitir un axuste óptimo e unha aprendizaxe profunda, vivencial e creativa. Este enfoque facilita a atención ás diferenzas e permite que cada estudante poida seguir o seu propio itinerario baseándose en programacións e modalidades de aprendizaxe feitas para el e segundo a súa progresión, capacidades e rendemento.

O traballo realizado na aula debe adaptarse tanto no seu contido como na velocidade da súa presentación. O ritmo no que se desenvolve o currículo adecúase ás características de cada estudante e pódese concretar para el mesmo ou ao ritmo do grupo. As modificacións do contido poden variar no grao de abstracción, na complexidade e na variedade. As unidades de programación son os documentos curriculares da aula que elabora cada docente para planificar as actividades de aprendizaxe, ensino e avaliación e responder as preguntas de para que, que, como e cando se ensina e avalía, o que sitúa o estudante no centro da proceso.

Para o deseño das unidades de programación académica, consúltanse e téñense en conta as políticas, os programas, as directrices, as competencias e os resultados de aprendizaxe prescritos polas entidades reguladoras de cada país. As unidades serán flexibles, adaptándose así ás diferentes necesidades que vaian xurdindo no proceso de aprendizaxe de cada estudante.

2.4.8. Metodoloxías activas para aprender a aprender

> *aprendizaxe máis flexible, multinivel, aberta ao cambio e á modificación continua*

O ensino e a aprendizaxe personalizados requiren o uso de metodoloxías activas, operativas, participativas e cooperativas que proporcionen unhas aprendizaxes máis duradeiras, profundas, significativas e transferibles. Cremos que o diálogo continuo entre estudante e docente nos permite coñecer as posibilidades que este posúe, descubrir como aprende e identifica os procesos que favorecen o seu desenvolvemento, transformando a aprendizaxe nunha actividade dinámica, auténtica e relevante.

Por estas razóns, séguense criterios e variables na selección metodolóxica segundo os niveis dos obxectivos cognitivos previstos atendendo á taxonomía de Bloom, á capacidade do método para propiciar aprendizaxes, ao grao de control que os estudantes teñen sobre o estudo en si, ao número de persoas participantes na actividade, así como aos recursos e espazos necesarios para o desenvolvemento das diferentes iniciativas. O exercicio de selección, adopción e implementación de metodoloxías non consiste en inventar novos procedementos senón en seleccionar aqueles que teñan unha base pedagóxica, que favorezan o traballo na aula e faciliten o traballo do docente.

O docente, como líder, implementa a pedagoxía da imaxinación que consiste en que os estudantes aprendan a aprender fomentando a autorregulación e o compromiso co seu traballo. O profesor planifica e deseña experiencias e actividades de aprendizaxe coherentes cos resultados esperados, unindo coñecementos, habilidades e actitudes para que cada un poida integralos, relacionalos e aplicalos en diversas situacións e contextos cotiáns, abrindo a aula ao contexto e coa posibilidade de intervir nel.

Ofrécense oportunidades para que os estudantes desenvolvan as súas competencias cognitivas de nivel superior a partir de enfoques baseados na experimentación e a investigación, enmarcados en proxectos complexos e relevantes que requiran a súa implicación. Promóvese o desenvolvemento da autonomía, a argumentación, a colaboración e a busca de respostas, así como a potenciación da orixinalidade e o pensamento diverxente.

2.4.8.1. Técnicas didácticas centradas no estudante e no desenvolvemento das competencias

O noso Modelo entende a metodoloxía como un vehículo para alcanzar unha aprendizaxe significativa e de competencias, sen renunciar ao coñecemento e os contidos. Cremos que non hai un método mellor, pero si un máis adecuado e pertinente para cada momento. Polo tanto, a nosa preferencia é a combinación de diferentes metodoloxías que permitan experiencias deseñadas de xeito contextualizado, sistemático e intencionado. Desde a flexibilidade educativa, non se utilizan metodoloxías didácticas únicas ou carentes de comprobación científica, nin recursos que poidan afastarnos da esencia e os propósitos de cada Centro. A importancia da pluralidade e a flexibilidade metodolóxica á hora de planificar e desenvolver o proceso de aprendizaxe-ensino defende a pretensión de atender a diversidade dos estudantes, promover a curiosidade intelectual e a creatividade, reforzar e ampliar os contidos curriculares e afianzar os hábitos e destrezas sociais. Búscase ensinar o pensamento a través da percepción e atención, a reflexión e a memoria, a imaxinación e a creatividade, a expresión simbólica e a práctica, para traballar a capacidade de planificación, o comportamento e a xestión das emocións.

> *“os estudantes aprenden a aprender fomentando a autorregulación e o compromiso co seu traballo*

No proceso de aprendizaxe, o ***traballo individual e autónomo*** adquire unha importancia destacable como actividade para consolidar as aprendizaxes. Isto inclúe estudar e realizar tarefas prácticas. O traballo individual desenvolve os hábitos de esforzo persoal, a disciplina na planificación das propias actividades e permite materializar os intereses persoais dentro do contexto académico. Require o dominio das técnicas de estudo, da organización correcta da información e un ambiente adecuado para o estudo.

Nos nosos Centros potenciamos as clases expositivas de calidade que permitan presentar e complementar contidos, resolver dúbidas e potenciar o coñecemento e a memorización, ao servizo da razón e non a mera reprodución mecánica de datos non asimilados nin integrados. Deben ser sesións ben planificadas, que busquen a eficiencia e a atención dos alumnos, onde se xeren preguntas e se suscite a reflexión. A exposición verbal pódese reforzar e complementar co apoio de recursos tecnolóxicos. Estas sesións combínanse con metodoloxías didácticas que poñen énfase no papel do estudante como centro e protagonista da súa aprendizaxe, empoderándoo como persoa, fomentando a reflexión e a crítica construtiva.

A ***posta en común*** é significativa, como estratexia didáctica da Educación Personalizada, onde o estudante presenta, individualmente ou en grupo, as súas aprendizaxes ao resto de compañeiros. Neste caso, o profesor ten un papel de guía, animador e orientador. O estudante aprende a rexistrar a síntese da súa busca e a presentala de forma coherente ao grupo, asumindo positivamente as observacións e os erros. Os compañeiros escóitanse respectuosamente, aprenden a discutir e valoran as achegas dos demais.

O noso Modelo baséase na transformación e na combinación metodolóxica porque:

- Permite a incorporación de propostas derivadas da atención ás diferenzas singulares e aos intereses únicos de cada alumno.
- Favorece o traballo e a avaliación multidisciplinar e de competencias, ao interconectar os temas curriculares cos problemas da vida real e os retos deste momento histórico.
- Posibilita unha resposta multinivel tendo en conta as diferentes formas de aprender.
- Favorece a interacción e a creatividade a través das TIC.
- Fomenta o redeseño dos lugares de aprendizaxe.
- Estimula o ensino multilingüe.
- Mellora o clima social e as relacións na aula.
- Promove a participación das familias e do resto dos membros da Comunidade Educativa.

2.4.8.2. Aspectos fundamentais dalgunhas das metodoloxías activas empregadas

2.4.8.2.1. Aprendizaxe Baseada en Proxectos (PBL)

É un método de ensino contextualizado, cun enfoque globalizador e interdisciplinar polo que os estudantes adquiren coñecementos e habilidades sobre un tema de interese a partir da indagación ou investigación contextual, creativa e compartida, coa creación dun produto final. Permite aos estudantes formular preguntas sobre os seus intereses, poñer en práctica os seus coñecementos e desenvolver as súas capacidades para construír a súa propia aprendizaxe ao tomar decisións, resolver problemas e comunicar ideas. Durante todo o proceso, os estudantes adquiren un papel activo e, xunto co papel de observador, facilitador e administrador dos docentes e doutros membros da Comunidade, reflexionan

sobre o traballo que se vai realizando, sobre as actividades e as dificultades que deben superarse. O PBL impulsa un traballo de calidade e require unha avaliación cualitativa de todo o proceso e do produto final.

> *potenciamos o saber e a memorización ao servizo da razón e non da simple reprodución mecánica*

2.4.8.2.2. Aprendizaxe Baseada en Problemas (ABP)

Presenta aos estudantes unha situación problemática relevante, real ou ficticia, a partir da presentación de problemas normalmente deseñados polos profesores, como vías para adquirir e integrar novos coñecementos. Permite a aprendizaxe centrada no estudante e promove a integración do coñecemento, poñer a proba a capacidade de razoar e aplicar o coñecemento para ser avaliados segundo o nivel de aprendizaxe. O estudante, de forma individual ou en pequenos grupos, debe resolver o problema, que pode abarcar diferentes disciplinas ou ámbitos curriculares, seguindo uns pasos establecidos. O docente adquire un papel de guía, titor ou consultor do proceso que se debe realizar.

2.4.8.2.3. Aprendizaxe Baseada en Retos (ABR)

Enfoque pedagóxico que implica ao alumno nunha situación problemática aberta, real, significativa e relacionada co seu contorno e que debe resolver buscando unha solución específica e real. O estudante ou o grupo determina o reto que quere afrontar e cando o consiga pode pasar a un novo reto de nivel superior.

Esta metodoloxía permite ao estudante desenvolver un coñecemento máis profundo dos temas que estuda, así como habilidades relacionadas coa análise da información, a elección de diferentes posibilidades, actitudes relacionadas coa superación persoal continua, a capacidade de asumir riscos, a tolerancia coa frustración ou a confianza nas propias capacidades. O docente

acompaña o traballo dos estudantes desde o papel de facilitador e atendendo ás inquedanzas e preguntas que xurdan.

2.4.8.2.4. Aprendizaxe Baseada en Experiencias

Neste enfoque, a experiencia xoga un papel central no proceso de aprendizaxe. Baséase na idea de que o coñecemento se crea a través da transformación provocada pola experiencia. Segundo o ciclo de David Kolb, para que exista unha aprendizaxe efectiva deben producirse catro fases:

- ***Experiencia sensorial concreta e nova:*** ofrécense experiencias innovadoras que conectan coas emocións dos estudantes.

- ***Observación reflexiva:*** a experiencia analízase desde diversas perspectivas e establécense conexións entre o que se fixo e os resultados. Reflexiónase sobre o observado e experimentado.

- ***Conceptualización abstracta:*** apréndese pola experiencia, xéranse observacións fundamentadas e conclusións que poden ser aplicables a diferentes contextos.

- ***Experimentación activa:*** póñense en práctica observacións e conclusións para comprobar a súa validez; serven de guía para resolver problemas similares á experiencia observada. A nova aprendizaxe transfírese á realidade máis próxima e a outros contextos.

O profesor estrutura as experiencias a partir da análise de casos ou modelos de simulación, tendo en conta os obxectivos educativos e as características dos alumnos e os grupos, co fin de mellorar a aprendizaxe. Acompáñase ao estudante no desenvolvemento de habilidades como: a toma de decisións, a resolución de problemas, o traballo en equipo e a negociación.

2.4.8.2.5.Pensamento de Deseño (Design Thinking)

É unha metodoloxía enfocada ao deseño creativo para a resolución de problemas. Ten en conta procesos como: observar, comprender, idear e crear prototipos. Busca desenvolver a capacidade creativa de cada estudante.

O docente guía o traballo animando os alumnos a realizar unha chuvia de ideas e analizar diferentes variables. Promove a colaboración e o respecto ás opinións. Implica desafíos que deben resolverse aplicando os procesos de pensamento de deseño.

2.4.8.2.6. Pensamento Visual (Visual Thinking)

O seu desenvolvemento busca aprender a pensar con eficacia empregando elementos gráficos para representar ideas, conceptos e elaborar mapas mentais. Estes axudan a descubrir solucións, simular procesos e xerar novas ideas. As imaxes visuais impactan no cerebro, permítennos captar máis detalles, aclarar pensamentos, reforzar a comprensión e procesar a información máis rapidamente.

O docente propón experiencias de aprendizaxe onde se pode aplicar o pensamento visual e facilita estratexias metodolóxicas de representación gráfica dos contidos para lograr que o estudante comunique o que pensa e asimila, a través da combinación de imaxes e da escritura.

2.4.8.2.7. Aprendizaxe Cooperativa (AC)

A Aprendizaxe Cooperativa permite cooperar para aprender e aprender a cooperar. Os estudantes traballan en grupos pequenos, estables e heteroxéneos para acadar obxectivos comúns, axudándose mutuamente e compartindo a través

do desenvolvemento de diferentes actividades. Promóvese a interdependencia positiva e as interaccións estimulantes entre os membros dos grupos. Implica responsabilidade individual e de grupo, e coñecer e practicar habilidades interpersoais e de grupo. A avaliación continua permite avaliar o funcionamento do grupo, se se están a acadar as metas previstas, así como apreciar o esforzo e o traballo individual e do grupo. A AC implica tres áreas de intervención: a cohesión de grupo, o uso de estruturas e actividades con carácter cooperativo e actividades para amosar aos alumnos dun xeito explícito e sistemático como traballar en equipo, plans de equipo, dinámicas de grupo... O docente adquire o papel de facilitador e concédelle o papel protagonista ao estudante.

2.4.8.2.8. STEAM

Refírese á integración de diferentes disciplinas: Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría, Arte e Matemáticas que permite o desenvolvemento de habilidades e a aprendizaxe contextualizada e significativa. Potencia no estudante o pensamento científico, cuantitativo, visoespacial, flexible e creativo, elementos importantes para innovar. Este enfoque permite desenvolver, a calquera idade e nivel, as capacidades de análise, resolución de problemas e traballo en equipo. O estudante aprende facendo e ao mesmo tempo combina a parte práctica coa teoría, utilizando diferentes metodoloxías.

2.4.8.2.9. Traballo en Equipo

Nas aulas ofrécese a oportunidade de que o estudante traballe en grupo coa finalidade de acadar obxectivos mediante a realización tarefas individuais e conxuntas. Motívase a interdependencia positiva entre os compoñentes e promóvense actitudes de apertura, como a curiosidade e o interese por comparar as ideas persoais coas dos demais, desde a atención e o respecto. Este

tipo de traballo ofrece oportunidades para que os estudantes se axuden mutuamente, creen, discutan e cheguen a solucións comúns desenvolvendo habilidades sociais e creando sentimentos de pertenza.

Para garantir a consecución das metas, o docente debe realizar un seguimento periódico, facilitando que cada membro encontre o seu lugar no grupo. Non se trata de que todos os membros fagan todas as tarefas, senón de que todos realicen tarefas relevantes e, polo tanto, se beneficien das aprendizaxes conseguidas. Para a avaliación da tarefa realizada débense establecer criterios oportunos a fin de obter información sobre o nivel de actividade realizada por cada membro e a calidade do produto final.

2.4.8.2.10. Aprendizaxe Baseada no Pensamento (TBL)

A Aprendizaxe Baseada no Pensamento é un método activo centrado no estudante que prioriza o pensamento crítico e creativo. Traballar formas de pensamento superior como a toma de decisións, a comparación, o contraste, a predición, ademais de rutinas de pensamento importantes como escoitar atentamente os demais, expoñer os motivos para aceptar ou descartar ideas..., co propósito de reflexionar sobre os contidos que se están aprendendo.

O docente encárgase de guiar e presentar obxectivos desafiantes aos estudantes para que sexan capaces de usar destrezas de pensamento superiores, aplicadas á aprendizaxe de contido, que poden usar ao longo da vida ademais de guiar o seu propio pensamento con procedementos reflexivos.

2.4.8.2.11. Laboratorios de Aprendizaxe

Os laboratorios son espazos de aprendizaxe relacionados con diferentes áreas, onde o estudante desenvolve habilidades para acadar unha aprendizaxe activa e creativa. Baséase na realización de actividades próximas aos seus intereses que motivan a experimentación, a comprensión, a cooperación e a exercitación de recursos. A súa temática pode variar durante o curso, así como a organización.

Nos laboratorios, a aprendizaxe personalizada adquire gran relevancia a medida que o estudante avanza e alcanza o grao de desenvolvemento e profundidade que pode debido ás súas características, fortalecendo e ampliando as súas competencias segundo as súas posibilidades, a súa motivación e os seus intereses. Considéranse laboratorios de aprendizaxe: a robótica, a expresión e o xogo dramático, os traballos feitos coas mans e os relatos de contos, entre outros.

2.4.8.2.12. Aprendizaxe baseada no movemento

O movemento como estratexia educativa favorece o desenvolvemento cognitivo, o estado emocional e a saúde do estudante. Axuda a construír a memoria motriz que proporciona habilidades para desenvolver calquera actividade con concentración e atención. O movemento inclúese nas clases facendo pausas para activar os músculos, realizando xogos que impliquen cambios de posicións ou desprazamento pola aula. O cambio de aula, tan común no ensino personalizado, é unha forma de movemento que contribúe á concentración e á motivación para iniciar a nova actividade.

2.4.8.2.13. Gamificación

É unha metodoloxía que emprega o xogo como elemento motivador da aprendizaxe. Ao ser actividades lúdicas, espertan o interese e o desexo de aprender. Axuda a desenvolver a concentración e as actitudes e valores propios do xogo. Tamén proporciona comentarios inmediatos e continuos, facendo que a aprendizaxe sexa máis rápida e eficaz.

4.8.2.14. Aprendizaxe-Servizo

O principal obxectivo desta estratexia metodolóxica baséase na realización de experiencias, habitualmente fóra do Centro, que permiten identificar situacións de necesidade ou risco e asumir un compromiso coa comunidade para responder a elas. Para conseguilo, conéctanse os problemas da comunidade e o contexto co traballo educativo desenvolvido no Centro e fóra del, o que fomenta a responsabilidade social e cidadá, así como os valores de solidariedade, o servizo e o esforzo para construír un mundo mellor.

4.8.2.15. Outras metodoloxías que se deben ter en conta

A continuación, enuméranse outras metodoloxías ou técnicas de aprendizaxe empregadas tamén nas nosas aulas que permiten, do mesmo xeito que as expostas anteriormente, promover unha aprendizaxe autónoma, activa e significativa, o aumento da participación e implicación do estudante na súa aprendizaxe e un alto grao de personalización. Destacamos:

- A estimulación precoz
- Os recunchos de traballo ou ambientes de aprendizaxe

- As paisaxes de aprendizaxe
- Os grupos interactivos
- O método de caso
- A clase invertida (Filipped Classroom)
- As tarefas integradas.

3

Alguns proxectos

que se ofrecen nos Centros

A educación que ofrecen os Centros Compañía de María vai máis alá da aula e do establecido[17], na procura do pleno desenvolvemento da persoa. Estes proxectos non son fixos, dependen das necesidades dos alumnos e do contexto. Os que figuran a continuación son unha pequena mostra dalgúns deles, un apartado aberto que, dependendo da súa realidade, cada Centro irá adoptando, completando e enriquecendo.

3.1. Formación Intercultural

As nosas sociedades son cada vez máis diversas e esta realidade reflíctese en moitos dos nosos Centros Educativos. Por este motivo, cómpre tomar conciencia da importancia de formar na interculturalidade para fortalecer a convivencia, a liberdade, a xustiza, a equidade e ofrecer unha visión do mundo aberta e respectuosa. É imprescindible presentar unha visión deste mundo plural que nos permita descubrir e considerar o valor de cada persoa: a súa dignidade, a súa historia, a súa política, a súa cultura, lingua, relixión e tradición. As oportunidades de intercambio cultural e a aprendizaxe de diferentes idiomas e tradicións son camiños que facilitan a relación e o traballo por un mundo máis inclusivo.

3.2. Proxecto Lingüístico e Plurilingüe

Os Centros incorporan un modelo de aprendizaxe plurilingüe y pluricultural co obxectivo de coñecer diferentes idiomas e culturas, o que lle permite ao estudante evolucionar social e profesionalmente. O coñecemento de máis dunha lingua é fundamental na sociedade actual e, polo tanto, o desenvolvemento das competencias lingüísticas é unha prioridade nos Centros.

[17] P.E. O.D.N., n.14.

Este traballo non se restrinxe ao uso dunha soa lingua nin nunha única área, senón que se potencia en diferentes espazos de aprendizaxe, unha opción que favorece a transferencia das aprendizaxes comunicativas a outras situacións similares.

Poténciase a capacidade comunicativa dos estudantes, facilitando que vivan experiencias orientadas ao uso adecuado e correcto da lingua na diversidade de modalidades, formatos e soportes nos que se poden presentar. O uso das TIC e outros recursos permítelle ao estudante aprender en acción, principalmente, escoitando e falando. As metodoloxías activas convértense nun grande aliado para acadar os obxectivos que se pretenden. A aprendizaxe doutras linguas tamén facilita a apertura ao mundo e favorece a experiencia da riqueza da diversidade.

3.3. Proxecto de educación emocional

A educación emocional convértese na columna vertebral da nosa acción educativa, promovendo unha aprendizaxe que busca equilibrar a mente e o sentimento, o corazón e a cabeza e potenciar o desenvolvemento das competencias emocionais como elemento esencial da formación integral de cada estudante.

O traballo céntrase nun crecemento persoal adecuado no que se experimente unha estabilidade emocional que favoreza o uso das habilidades dos estudantes e sexa unha ferramenta de prevención de conflitos individuais e interpersoais. Os estudantes aprenden a xestionar as súas emocións entendéndoas, falando, tomando conciencia delas e respondendo a elas.

Axúdase a cada estudante a coñecerse e respectarse a si mesmo e aos demais, a expresar e xestionar as súas emocións,

a ser tolerante, a saber controlar os impulsos e a canalizar o entusiasmo. Na aula hai espazos que favorecen a comunicación e a convivencia, a axuda mutua, a expresión de diferentes puntos de vista, a empatía e a solidariedade.

3.4. Proxecto de emprende-mento e innovación social

O emprendemento enténdese como unha actitude cara á vida que require habilidades e coñecementos para afrontar o futuro de xeito positivo e colaborar na transformación social, a partir da innovación e a creatividade. Nos nosos Centros preséntanse oportunidades de aprendizaxe que posibilitan aos estudantes o desenvolvemento dunha actitude emprendedora e de habilidades, destrezas e actitudes como a autonomía persoal, o liderado e a empatía, que lles permitan afrontar novos retos con optimismo e responsabilidade.

Os estudantes aprenden a involucrarse e a atreverse a pensar doutro xeito para achegar as súas propias propostas e solucións e pór en marcha proxectos persoais e en grupo que favorezan a mellora e o ben común.

3.5. Proxecto de actividades extracurriculares e de relación coa contorna

Os Centros Compañía de María ofrecen unha variedade de actividades extracurriculares onde cada estudante está convidado libremente a participar: compartir a fe cristiá, cultivar o sentido artístico, incentivar a capacidade de crear e investigar, favorecer o goce e o coidado da natureza, practicar deporte, entrar en contacto con outras realidades...[17]

Contar cun Modelo Pedagóxico Universal vai consolidando e enriquece ser Rede de Centros Compañía de María, unha unión desexada desde a orixe da Orde: "unir as nosas forzas para servir dunha maneira sempre nova"[18].

[17] Cfr. P.E.odn, n. 10.

[18] Historia da Orde da Compañía de María (I). Edicións Lestonnac, Roma 2012, p. 98 e 99.

Notas

A Orde da Compañía de María Nosa Señora realiza a súa misión educativa en:

Francia
España
Italia
Inglaterra
Albania
Estados Unidos

México
Nicaragua
Cuba
Perú
Colombia
Arxentina
Perú

Chile
Brasil
Bolivia
Paraguai
Xapón
Filipinas
Vietnam

R. D. do Congo
Tanzania
Suiza
Camerún
Kenia
Haití

Signa,

o noso modelo pedagóxico